

# MEMORIA DE ACTIVIDADES

## 2016

---



# ÍNDICE

	INTRODUCCIÓN	3
	RECURSOS HUMÁNS	4
XESTIÓN DE SOLICITUDE DE INFORMACIÓN		5
	PROGRESIÓN DE INGRESOS	6
	PERFIL DE USUARIOS	7
	ANÁLISE DE BAIXAS	9
PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES		10
	ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS	12
	XESTIÓN DO TRANSPORTE	19
	MANUTENCIÓN	20

# INTRODUCCIÓN

**AMORALIA** Centro de Día atópase no Concello de Tui, nunha zona tranquila pero ben comunicada. Trátase dun edificio de recente construción ideado para dar facilidades aos nosos usuarios/as e conseguindo un ambiente acolledor, moderno, de fácil acceso e gran habitabilidade.

O centro ten autorización para unha capacidade de 58 persoas prestando atención diúrna de luns a venres en horario de 08:30 a 19:30. Ofrécese atención personalizada ás capacidades, necesidades e intereses dos nosos usuarios/as e das súas familias a través de servicios especializados, co compromiso permanente de acadar os máximos niveis de calidade.



En AMORALIA Centro de Día proporcionáanse un amplo abano de actividades e servizos para conseguir que os nosos usuarios/as manteñan e/ou melloren o seu grado de autonomía, tanto a nivel cognitivo como físico. Entre eles podemos citar:

## **Atención Rehabilitadora**

- Atención persoal e coidados xeriátricos
- Terapia ocupacional
- Ximnasia xerontolóxica
- Rehabilitación das ABVD e das AIVD.

## **Atención Psicosocial**

- Atención psicolóxica
- Animación
- Ocio

## **Servizos complementarios**

- Podoloxía
- Perruquería
- Comedor
- Transportes adaptados...

# RECURSOS HUMÁNS

**CAMINO COGOLLUDO, ROSA**

DIRECTORA/PSICÓLOGA

**BELLO GÓMEZ, SILVIA**

TERAPEUTA OCUPACIONAL

**GÓMEZ ESTÉVEZ, ROCÍO**

AUXILIAR DE XERIATRÍA

**ÁLVAREZ VILA, PILAR**

AUXILIAR DE XERIATRÍA

**BAZ FERNÁNDEZ, ÁNGELA**


ANIMADORA SOCIOCULTURAL

**MELO MARTÍNEZ, MARÍA VICTORIA**

AUXILIAR DE XERIATRÍA

# XESTIÓN DE SOLICITUDE DE INFORMACIÓN

**SOLICITUDE DE INFORMACIÓN**



MES	Nº DE SOLICITUDES INFORMACIÓN	Nº DE SOLICITUDES CONVERTIDAS EN INGRESOS
XANEIRO	5	0
FEBREIRO	7	5
MARZO	4	3
ABRIL	8	5
MAIO	4	0
XUÑO	6	3
XULLO	6	3
AGOSTO	4	1
SETEMBRO	2	1
OUTUBRO	2	0
NOVEMBRO	1	0
DECEMBRO	3	1

# PROGRESIÓN DE INGRESOS

MES	Nº USUARIOS/AS	Nº INGRESOS	Nº BAIXAS	Nº XORNADAS CON COMIDA	Nº XORNADAS PARCIAIS
XANEIRO	40	2	2	16	18
FEBREIRO	40	2	0	17	20
MARZO	47	8	1	19	24
ABRIL	49	2	2	20	26
MAIO	49	4	5	22	27
XUÑO	48	2	0	24	23
XULLO	51	3	0	23	24
AGOSTO	53	2	3	26	23
SETEMBRO	51	1	0	27	21
OUTUBRO	52	1	1	29	19
NOVEMBRO	51	0	5	28	19
DECEMBRO	47	0	0	27	19

# PERFIL DE USUARIOS

Na seguinte táboa especificácase o número de usuarios por sexo, tendo en conta tódalas persoas que foron usuarios/as no 2016, polo que se inclúen aquelas que xa foron baixa.


**Nº DE USUARIOS MULLERES**

**50**

**Nº DE USUARIOS HOMES**


**16**

## USUARIOS POR SEXO




Respecto á procedencia, as persoas que asisten ó Centro de Día Amoralia residen nunha ampla maioría no concello de Tui. Ademais acoden persoas de outras localidades como Tomiño, Porriño, Mos, Salvaterra ou Valença do Minho.

### USUARIOS POR IDADES



### USUARIOS POR LOCALIDADES






# ANÁLISE DE BAIXAS

FALECIMENTO	-
EMPEORAMENTO DA SÚA SAÚDE	5
CAMBIO DE RECURSO	9
NON ADAPTACIÓN AO CENTRO	-
TRASLADO DE DOMICILIO	-
INSATISFACCIÓN DOS SERVIZOS DO CENTRO	-
MELLORÍA DA SÚA SAÚDE	-
MOTIVOS ECONÓMICOS	-
OUTRAS (INDICAR)	5

Cabe destacar que non tivemos ningunha baixa por desconformidade co servizo. Practicamente a metade foron por cambio de recurso.

## MOTIVO DA BAIXA



# PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

## ACTIVIDADES DIARIAS DESENVOLTAS EN HORARIO DE MAÑÁ

A primeira actividade da mañá é o taller de Estimulación Cognitiva, no cal se traballa a través dun caderno de actividades individualizado, acorde ó deterioro cognitivo de cada persoa.

Este inclúe actividades de cálculo, lectoescritura, atención, memoria, etc.

Posteriormente, cando xa está o grupo completo, ten lugar a Orientación á Realidade mediante un conxunto de técnicas (traballo co calendario, festividade de cada día, efemérides, etc.) coas cales a persoa toma conciencia da súa situación no tempo (orientación temporal), no espazo (orientación espacial) e respecto á súa propia persoa (orientación persoal).

Logo comeza a xerontoximnasia, coa finalidade de manter e/ou mellorar as funcións motoras das persoas usuarias.

A última hora da mañá, desenvólvense actividades de psicomotricidade fina e grosa e de ocio, como por exemplo, xogos de mesa, xogos populares, xogos orais,...

## ACTIVIDADES DIARIAS DESENVOLTAS EN HORARIO DE TARDE

Nas tardes mantense a rutina de actividades da mañá.

A primeira hora realízanse tarefas relacionadas coa estimulación cognitiva e despois ten lugar a xerontoximnasia e outras actividades dentro dun marco máis distendido relacionadas coa psicomotricidade e co ocio como son os xogos cooperativos, de mesa, etc.

**TAMÉN SE REALIZAN OUTRAS ACTIVIDADES TANTO EN QUENDA DE MAÑÁ COMO DE TARDE, COMO PODEN SER O BINGO, AS MANUALIDADES, TAREFAS MANIPULATIVAS, ETC. CO FIN DE QUE AS PERSOAS QUE VEÑEN A MEDIAXORNADA POIDAN GOZAR DE TODAS ELAS.**



# PROGRAMACIÓN DE TEMPADA

No centro de día Amoralia leváronse a cabo diferentes actividades en función da época estival correspondente. Para todo isto tiveron en conta as capacidades, gustos e preferencias dos nosos usuarios. O que se intenta é estimular compoñentes como a atención, coordinación, capacidade de dar continuidade a unha actividade e o traballo en equipo entre outros.

A finalidade destas actividades é traballar aspectos como a orientación temporal, a psicomotricidade, a interacción dos usuarios, etc.



## FEBREIRO

Elaboración da decoración do Entroido (consistente en máscaras, debuxos, etc.) e dos disfraces de vacas.



## SETEMBRO

Elaboración e realización de talleres específicos de elementos que aluden ó Outono (guirnalda de follas de árbores en fieltro, nubes con choiva, etc.).



## MARZO

Decoración primaveral do centro de día (con centros florais, mosaico de bolboretas de cores, insectos de papel, etc.).



## OCTUBRO

Decoración propia de Samain (pantasma, telas de araña ...).



## XUÑO

Elaboración da decoración de verán (con xeados, peixes, soles, etc), e celebración de distintas festividades como San Xoán.



## DECEMBRO

Elaboración de adornos invernaís, posta da árbore de Nadal, decoración do centro de día con temática de Nadal, elaboración de postais e adornos para a árbore, etc.

# ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS

## REIS (04/01/2016)

Neste día falamos da tradición dos reis magos, e da cabalgata de Tui. Logo xogamos un bingo especial, con premios propios do Nadal.



## ENTROIDO (05/02/2016)

A temática do Entroido deste ano foi "vacas", con "touro" incluído. Contamos coa actuación do grupo "E Dalle" que nos amenizou a festa con música propia destas datas. Nesta celebración puxemos o disfrace e gozamos dunha tarde de baile e merenda de doces típicos da época (orellas, filloas, rosquillas, etc.).



## **SAN XOÁN (23/06/2016)**

Os usuarios do centro foro recollendo os días previos distintas herbas de San Xoán. Falamos das propiedades de cada unha delas, do seu uso, etc. Logo metéronas en auga e deixámolas ó orballo da noite de San Xoán, como manda a tradición. Ó día seguinte lavamos as mans e acara con esta auga "milagreira". Así mesmo, estivemos comentando as distintas tradicións deste día.

## **SANTIAGO APÓSTOLO (22/07/2016)**

Con motivo desta festa, tiveron lugar as "Galiolimpiadas" de Amoralia. Fixemos probas de lanzamento, puntería, etc. Cada participante recibiu un diploma, e os gañadores as súas correspondentes medallas de ouro, prata e bronce.



## III ANIVERSARIO DO CENTRO DE DÍA (09/09/2016)

Este día festexamos o aniversario da apertura do centro de día Amoralia, cunha gran festa, na que non faltou a música e o baile.

## DÍA MUNDIAL DO ALZHÉIMER (21/09/2016)

Nesta ocasión participamos na campaña "Marcándole el paso al Alzheimer" da Federación Alzheimer Galicia. O propósito desta campaña era que cada persoa puxese nas redes sociais a súa "huella" para marcar o paso que dá na loita contra esta enfermidade. Os nosos usuarios fixeron un mural con fotos do seu pasado que lles traen bos recordos, aqueles que nin o Alzheimer pode borrar. Logo fixemos unha foto para subila ó noso facebook,co hashtag:

#MarcandoPasoAlzhéimer.



## SAMAÍN (31/10/2016)

Nesta festa decoramos o centro de día e maillámonos seguindo a temática da festa. Tomamos unha merenda "de medo" con aparencia de nicho. Logo tivemos música e baile.



## CONCURSO DE POSTAIS (14/12/2016)

Participamos no Primeiro Concurso de Postais de Nadal, organizado pola Asociación Parkinson Baixo Miño.

**PRIMEIRO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL**  
(Organiza Asociación Parkinson Baixo Miño)

**Participan:**

- Asociación Parkinson Baixo Miño
- AFAGA –Asociación Enfermos de Alzheimer
- AMORALIA –Centro de día
- Residencia Paz y Bien

**Data límite de presentación:** até o 14/12/2016

As postais expóranse na Biblioteca Municipal de Tui a partir do día 15 de decembro. A postal gañadora decidírase por votación popular e o premio consistirá nun lote de libros doados polo Concello.

Colaboran:



## ENCUNTROS INTERXERACIONAL (22/12/2016)

Neste día visitáronnos os nenos do CEIP Plurilingüe e Dixital N1 de Tui. Cantamos xuntos a cantiga "Rodolfo el reno" e eles sorprendéronnos con outra canción máis e unhas bolas para a árbore feitas por eles. Nos regalámoslle un reno a cada un, feito polos nosos usuarios.



## NOITEBOA (22/12/2016)

Na festa de Noiteboa cantamos panxoliñas e tomamos unha merenda típica (turrón, polvoróns, etc). Ademais levaron para a casa un adorno para a árbore, elaborada por eles mesmos. Xogamos un bingo no que os premios era produtos propios do Nadal .



## FIN DE ANO (29/12/2016)

Na festa de fin de ano cantamos panxoliñas e tumámolas uvas. Ademais fixemos un bingo especial, no que se sortearon distintos produtos comestibles.





## MUSICOTERAPIA (OS VENRES)


Os venres levamos a cabo o taller de Musicoterapia, alternando unha semana canto e outra baile. Cada un dos nosos usuarios debe elixir unha canción significativa para el. Preparamos a letra e na semana seguinte cantámola todos xuntos coa música.

O mesmo pasa co baile, pero en este caso compoñemos unha coreografía que traballe as distintas partes do corpo.



## ANIVERSARIOS (PERIODICAMENTE)

Periodicamente celebráronse os aniversarios de tódalas persoas usuarios do centro, con biscoito, velas e música.



## ACTIVIDADES NO XARDÍN

Cando fai bo tempo saímos a pasear ó xardín. En ocasións, tamén aproveitamos para xogar á petanca. Pasamos bos momentos en grupo, gozando do sol e as boas temperaturas



# XESTIÓN DO TRANSPORTE

NÚMERO DE RUTAS Ó  
DÍA A 31.12.16

6 RUTAS : 3 pola mañá e  
3 pola tarde

NÚMERO DE USUARIOS CON  
TRANSPORTE A 31.12.16

**16**

NÚMERO DE VEHÍCULOS Ó  
DÍA A 31.12.16

**1**

# MANUTENCIÓN

## MODO DE XESTIÓN DO XANTAR

NÚMERO DE USUARIOS DO  
CATERING A 31.12.16

**28**

**GRACIAS.**

CALLE VIRGEN DEL CAMINO, 6 (REBORDANES)  
36700 TUI, PONTEVEDRA

986 60 51 52